

A CIG rexeita rotundamente a decisión unilateral da Consellaría de derogar o Decreto, malia a demanda histórica das galegas e os galegos onte en Compostela

A CIG-Ensino valora como insatisfactoria a entrevista co conselleiro de educación

Hoxe, 18 de maio, o **Secretario Nacional da CIG-Ensino**, Anxo Louzao, acompañado dos membros da Executiva Xosé Lois Rivera e Marta Dacosta, **entrevistouse co Conselleiro de Educación**, Jesús Vázquez, o Secretario Xeral da Consellaría, José Luís Vázquez e o Director Xeral de Recursos Humanos, José Manuel Pinal.

Para a CIG-Ensino, a entrevista foi totalmente insatisfactoria e preocupante pola reafirmación na súa posición unilateral e inflexíbel de derogación do Decreto 124/2007, e iso, malia a manifestación histórica de onte en Compostela. Esta reafirmación é extremadamente preocupante porque se está a rexeitar unha normativa que garante que o noso idioma teña unha presenza mínima no ensino, xustamente nun momento en que o sistema educativo se caracteriza pola súa desgaleguización e polo incumprimento do Decreto. Malia estes datos e que está demostrado que o único alumnado que acada competencia na nosa lingua é o



alumnado galego falante, o Conselleiro mantén a derogación do Decreto que, segundo os seus propósitos, se faría efectiva no curso 2010-2011. **Desde a CIG, deixamos claro que para nós sería un elemento de conflito e que non imos aceptar este retroceso evidente.**

A CIG-Ensino iniciou a entrevista reclamando **que a Mesa Sectorial funcione como o órgano de negociación que é e que se procure negociar e dar resposta ás distintas cuestións** que, en nome do profesorado, se lles trasladarán ao longo da lexislatura. O Conselleiro limitouse a recoller as

nosas propostas, mais sen dar resposta a ningunha delas, amparándose en que aínda están tomando contacto e que moitas das propostas que estabamos a realizar teñen carácter orzamentario. **Desde a CIG-Ensino, fixemos fincapé na crítica á redución dos orzamentos da Consellaría** (deberían acadar o 6% do PIB), solicitamos unha redución dos concertos educativos e a desaparición nos niveis educativos postobrigatorios e lamentamos que non teñan tomado unha postura sobre a concesión de concerto aos centros privados que segregan o alumnado en función do sexo. A Consellaría límitase a

dicir que está a agardar o ditame da Asesoría Xurídica.

A CIG-Ensino trasladoulle unha serie de cuestións avaladas por miles de sinaturas do profesorado, como son a mellora da gratificación por xubilación anticipada, dotación de administrativos nos centros, redución de rateos, regular a redución horaria de maiores de 55 anos ou outras medidas que redunde na calidade do ensino público e na mellora da atención ao alumnado. **Tamén trasladamos** a necesidade de elaborar unha **Lei Galega de Educación**, a Lei do sistema Universitario Galego, **un novo Plano de financiamento das Universidades**, elaboración dun plano que reduza o abandono escolar, a ampliación dos cadros de persoal dos centros, reforzar o ensino público garantindo os servizos públicos de comedor e transporte e regulamentando o transporte de maneira que non fixe os horarios dos centros; ademais abordar o calendario escolar, recuperar a **xornada matinal en xuño e setembro**, **facilitar a implantación de portugués como optativa**, **volver ofertar a**

optativa de Xeoloxía no Bacharelato, maior carga horaria para Filosofía e a Historia na ESO, facilitar a revisión médica anual do profesorado, elaboración duns novos Regulamentos Orgánicos dos centros... Preguntados sobre se as **Galescolas** ían pasar á depender da Consellaría de Educación, responderon que están estudando o traspaso a Educación de todas as escolas infantís e Galescolas, mais sen realizar ningunha concreción sobre como se vai realizar o proceso. Respecto do **Currículo de Infantil** responderon que o teñen enriba da mesa e que procurarán publicalo para este vindeiro curso 2009-2010.

Noutra orde de cousas, reclamamos a negociación inmediata da **oferta de Formación Profesional para o vindeiro curso e dos programas de Formación Profesional inicial** así como a elección dos directores/as dos centros integrados de Formación Profesional, a dotación de profesorado suficiente para ampliar na súa totalidade o acordo sobre **cadros de persoal dos centros de Primaria e Infantil**, asinado pola CIG-Ensino e

outras OOSS.

Reclamamos, tamén, unha vez que rematou a aplicación do acordo retributivo, a necesidade de negociar un novo acordo para o profesorado galego que **melloras nosas retribucións**, xa que hoxe volvemos a ser o profesorado peor pagado do Estado. Así mesmo, solicitamos a negociación dun **estatuto do profesorado galego** e un **acordo de estabilidade** para o profesorado interino. Denunciamos, tamén, os **recortes do profesorado** que se estaba a dar nos centros de secundaria que se estaba evidenciando ao non cubrir no concurso de traslados moitas prazas vacantes.

A Consellaría limitouse a tomar nota, mais non nos informou de cales van ser as súas liñas de actuación, a excepción da lamentábel firmeza na derogación do Decreto, adoptando así unha actitude que amosa que para el o feito de gañar as eleccións e como recibir un cheque en branco para facer e desfacer ao seu antollo.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tif. 981576800 Fax. 981575839
Nacional: galiza@cig-ensino.com
Santiago: santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tif. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tif. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tif. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tif. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tif. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tif. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tif. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tif. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tif. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tif. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tif. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com